

Carme Vidal  
Imaxe: Manolo Martínez

## “Conseguín escribir con valentía, con absoluta liberdade creativa”

Con *A lúa da colleita* (Galaxia), Anxos Sumai ofrécenos unha novela intensa e des-acougante na que as fronteiras da realidade se desdubuxan para construír unha atmosfera densa, que agarra a quen le. Despois de *Así nacen as baleas*, *Melodía dos Días Usados* ou *Anxos de Garda*, a autora optou con esta nova obra, por escribir “con valentía”, coa liberdade de só pensar na propia creación literaria.

Aínda impactada coa lectura de *A lúa da colleita*, gustaríame saber que lle están a comentar as persoas que len a novela. Falei con poucas, mais todas coinciden en que crea unha grande angustia e familiaridade coa protagonista. A sensación de atmosfera percíbea todo o mundo e iso alégrame, porque escribo sen premeditación mais sei o que busco. O emprego das cores, os obxectos cotiás, mesmo a descrición das pisadas no corredor están no libro para crear esa atmosfera.

O xogo de percepcións, entre a realidade e a ilusión, sitúa a quen le nunha grande inqueda.

Esas fronteiras tan difusas forman parte do meu traballo literario. Xa estaba naqueles primeiros proxectos na rede e nesta novela leveino ao extremo. A protagonista agora dubida de si propia, mesmo da existencia, de se o resto está a ver o mesmo que ela ou se un acontecemento produce as mesmas emocións. É algo que tamén me inqueda a min persoalmente, todo o que escribo ten algo de autobiográfico. Non vexo a escrita sen implicación persoal e sen recorrer á experiencia da autora, de feito, todo parte do momento en que vin na rúa unha gai-vota cun asa esgazada. Vina e dubidei de se era real ou non e nese momento tiven a clave da novela.

A súa protagonista busca de maneira ansiosa a tranquilidade.

Porque está esgotada, a súa forma de sentir esgótala. Leveina a límites que a fan dubidar incluso de si mesma. Hai un momento no que ela ve unha mazá colgada dunha



Anxos Sumai

ESCRITORA

maceira e reconece o que sente na tensión do rabiño que agarra o froito, pode romper en calquera momento e, de acontecer, o equilibrio quebraría. Ela vive no medo a non superar a fase vital na que se atopa e por iso a fago camiñar por lugares onde a realidade se converte nunha especie de holograma.

Non hai unha páxina de respiro. Por que esa intensidade?

Busqueina. Quixen provocar en quen le a mesma incerteza que sente Nuría, a protagonista. É moi fácil alterar os límites e

que desapareza a sensación de seguridade. Vive nun continuo estado de provisionalidade. Escribín que ela tiña a sensación de habitar nunha sala de espera e que ingresaría nalgún momento. É como eses soños que tes de pequena de ser algo importante de maior e, despois, a idade trae grandes decepcións e decátaste de que a vida é un fraude e cómpre asumir as responsabilidades de nós mesmas.

Todos os personaxes que se moven arredor da protagonista actúan con naturalidade mesmo nos momentos máis sin-

gulares. A normalidade é iso?

Si, hai personaxes que permanecen pasivos e outros actúan. Os que permanecen pasivos fanno porque teñen algo que agochar. Todo o mundo ten algo que agochar, e non nos damos liberado do sentimento de culpa, por máis que o intentemos. É común a todas as persoas, limitáanos e vólvenonos cada vez máis individualistas. Mesmo pode paralizarnos. Quería que a parálise que produce a luz escura que levamos dentro tivese presenza na novela. Somos especiais e complexos e ás veces moi fráxiles e interésanme os personaxes que poden vivir onda min, tan normales que pensas que algo deben agochar.

O inicio, unha muller que busca, remitiu-me a súa anterior novela. Así nacen as baleas, mais vostede reconece un cambio na maneira de contar.

Na anterior novela achégome ao maltrato doméstico que descoñecía e logo vin que estaba tamén na miña proximidade e precisaba contalo, como nunha explosión, aínda que controlada por min mesma. Nesta novela fíxenme moito máis valente. Decidinme a parar e pensar. Antes era máis frívola e estaba pendente do que se puidera dicir da miña escrita. Agora xa non penso niso, non me importa como se perciba. Estou contenta da miña valentía, que me permitiu escribir con maior liberdade.

É das poucas que introduce sexo e drogas na novela. Cre que a nosa literatura adoece de excesivo control?

Ás veces utilizo imaxes moi duras, mais nin gore nin pornográficas. Creo que trato os personaxes con sutileza. O que fago é contar a vida e na vida hai sexo e hai drogas. Outros autores tamén o fan, penso agora en Xabier Queipo, Antón Lopo, Xurxo Borrazás... De todas maneiras, na literatura en xeral predomina nestes tempos unha vontade por escribir de maneira politicamente correcta. Eu opto por contar a verdade. ♡

# COLECCIÓN FABULANDO

Mon Daporta preséntanos a súa particular e divertida visión das coñecidas fábulas de Esopo e La Fontaine a través do galo Ernesto, a chicharra Chicho, o corvo Gundemaro e o sapoconcho Andrés



**O galo Ernesto**  
Mon Daporta  
baía edicións o fabulando



**O sapoconcho Andrés**  
Mon Daporta



**O corvo Gundemaro**  
Mon Daporta



**Chicho Chicharra**  
Mon Daporta  
baía edicións o fabulando